



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA RENOVACIÓN PARCIAL

De conformidade co indicado na RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG nº 180 do 18 de setembro do 2024), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) corresponde elixir no presente proceso electoral a **catro profesoras/es**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar.
2. O censo electoral provisional do profesorado estará exposto a partir desta data no taboleiro de anuncios da sala de profesorado do Centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar en dirección a partir desta data ata as **14:00 horas do día 11 de novembro**, así como posibles reclamacións ao censo electoral.
4. A mesa electoral estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidente, e o profesorado de maior e menor idade, actuando esta/e último de secretaria/o.
5. Cada profesora/profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **tres candidaturas**.
6. O voto será directo, secreto e non delegado.
7. Segundo indica o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento, candidatos e fixación de data de votación, convócase Claustro de Profesorado para o día **martes 12 de novembro de 2024 no ás 12:00 horas (2º recreo)**.
8. O día da votación será o **martes 19 de novembro de 2024 ás 12.00 horas**.
9. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

IES BEADE, 28 de outubro do 2024

A directora do Centro e presidenta da Xunta Electoral,



Asdo.: Liliana Saco Álvarez